PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
26 ABR. 2017
Núm. 2458

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. **Elaboración do ditame, á vista do Informe da Ponencia, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.**
Publicación do Informe de Ponencia, BOPG n.º 102, do 21.04.2017.

Punto 2. **Preguntas**

2.1 4090 (10/POC-000702)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís
Sobre as actuacións especificas que prevé a Xunta de Galicia na Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses, e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá para potenciar os seus recursos naturais, impulsar a súa economía e emprego e conservar e protexer a súa biodiversidade e os seus valores ambientais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017

2.2 5664 (10/POC-000984)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación coa situación do xabaril na comarca do Baixo Miño e os danos que está a ocasionar, as medidas preventivas postas en marcha e previstas ao respecto, así como a indemnización polos danos causados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

2.3 5874 (10/POC-001027)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego das concentracións de gas radón existentes en Galicia, as súas previsións respecto da recuperación da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
26 ABR. 2017
Núm. 2457

exixencia de forxados sanitarios ventilados nas vivendas de nova construción e a súa inclusión nas Normas de habitabilidade de Galicia, así como o fomento de axudas á rehabilitación co fin de favorecer a redución desas concentracións nas vivendas ou edificacións públicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

2.4 6895 (10/POC-001193)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción dos proxectos para a mellora da seguridade viaria das estradas de titularidade autonómica OU-101 e OU-105, así como a data prevista para o inicio das obras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017

2.5 7098 (10/POC-001230)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 7 máis
Sobre o balance que realiza a Xunta de Galicia respecto das medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie no parque empresarial de Bértoa, no concello de Carballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017

2.6 7174 (10/POC-001249)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as razóns da inclusión no proxecto de renovación da avenida de Celanova, en Xinzo de Limia, da corta das árbores centenarias existentes nas marxes da rúa e a opinión do Goberno galego respecto da súa conservación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017

2.7 7225 (10/POC-001257)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as supostas irregularidades existentes no convenio asinado no ano 2014 para a remodelación da praza de abastos de Cambados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017

2.8 7445 (10/POC-001296)
Grupo Parlamentario de En Marea

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
26 ABR. 2017
Núm. 2458

Sánchez García, Antón
Sobre as condicións laborais dos traballadores do transporte por estrada de Sogama
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2017

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 26/05/2017 13:22:00